

## **Outra opinión sobre as xuntanzas do goberno de Ribadumia cos veciños.**

Anímome a escribir logo de ver nas redes como algún membro da oposición municipal publica opinión sobre a asistencia a unha desas xuntanzas e dado que eu tamén asistín e teño unha visión diametralmente oposta a súa e polo que me decidín a facela pública.

**Eu quero comezar felicitando ao equipo de goberno de Ribadumia pola iniciativa** de ir parroquia a parroquia explicando o seu traballo no Concello e escoitando aos veciños e veciñas, respostando as súas dúbidas e escoitando as súas necesidades, xusto no proceso de elaboración dos orzamentos. Creo que é das poucas iniciativas dese estilo que se están levando a cabo: todos os partidos, moitos concellos falan de participación, de transparencia da xestión, pero a hora de verdade, cantos se someten a avaliación dos seus veciños deste xeito??.

Eu comprobei como os veciños e veciñas estaban contentos de **poder escoitar o alcalde e demais membros do goberno, de poder falar con eles, de plantexarlle os seus problemas e que foran escoitados.** Pode que aos membros do anterior goberno lle molestara ten que dar contas, e falar con todos os veciños, pero agora eso cambiou.

Na xuntanza presentouse os membros do equipo de goberno. Explicóuse a situación do Concello, o traballo realizado e algunhas das incidencias que se atoparon. Logo seguía unha parte na que se explicaban algunhas das actuacións que se pretenden facer en cada parroquia e logo, **para min a parte máis importante, na que os veciños preguntaban dúbidas, comentaban problemas que existían nalgunha zona da parroquia e facían propostas.**

Entón, que é o que lle molesta a oposición municipal?????. Que se falara da labor do anterior equipo de goberno??. Para min é lóxico, con máis argumento aínda logo de ver como eran acusados na prensa de non facer nada e bla bla bla..... **Hai un refrán dos vellos que moi aplicable a esta situación e dí así: A QUE TEN A LENGUA AGUDA TEN QUE TER A COSTELA DURA!!.**

E que os veciños non teñen dereito a saber os problemas e irregularidades en que se atopaban algunhas instalacións municipais??. Que o Tanatorio non contaba con todos os permisos e licenzas; que na obra do Campo de fútbol existen ata 3 proxectos diferentes ou os defectos atopados en varias Casas da Cultura e nas redes de saneamento de todo o Concello, e si, tamén se debe explicar, por que non? A situación irregular na que se atopaba o tractor municipal (un tema menor di algún, pero que podería provocar un gran problema para o conductor e para o propio Concello en caso de ter un accidente...).

Igual o problema e que algúns non queren que se sepán estas cousas, e como se facían, pero está decindo algunha mentira???, **porque eu puider ver nalgunha charla a Concelleiros da oposición e incluso membros do anterior goberno, e en ningún caso vin rebatir ningunha das explicacións que se deron por parte de membros do goberno actual, molesta entón a realidade???**

Polo demais fálase de falta de proxecto, de nula xestión (manda carallo despois de que se explicou sobre o anterior goberno...) e de que o único que os move e o ánimo de revancha. En fin.... igual a frustración pola perda do poder, por ver que o goberno está traballando e consolidándose ou o fastidio por ver que os veciños reciben con naturalidade o cambio político, e o que leva a algúns a non ser capaces de ver o lado positivo das xuntanzas. Igual para a oposición que o goberno queira terminar a dotación de servizo de auga e de alcantarelado a moitas casas que a día de hoxe seguen sen telo, ou mellorar o acceso ao colexio non son importantes, acostumados como están a falar de pousadas ou proxectos faraónicos, pero seguro que para os veciños si que son vitais.

Finalmente hai unha cousa na que si coincido, en que a pesares de que a participación foi moi importante, en parroquias como Ribadumia pasaban das 100 persoas na xuntanza, e unha pena que non viñeran aínda máis veciños as mesmas..... **a diferenza e que hai quen cree de verdade na transparencia e na necesidade de que os veciños participen no Concello e hai quen o di agora, pero cando tiveron ocasión non o levaron a cabo.**

Quedome co lado positivo da promesa do goberno de que van a seguir tendo xuntanzas veciñais ao longo de toda a lexislatura. E unha boa nova.